

ANEXO IV

Os postos de traballo que a continuación se relacionan, consideráanse incluídos no ámbito xeral deste convenio, a excepción do sistema retributivo en que seguirá aplicándose o particular destes postos, tal e como se vén facendo na actualidade.

Director xeral
 Director de mina
 Enxeñeiros/licenciados
 Peritos e asimilados
 Xefe de 1ª administrativo
 Xefe de 2º administrativo
 Xefe de 1ª
 Oficial 1ª administrativo
 Encargados
 Oficial 2ª administrativo
 Auxiliar administrativo

CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN

Orde do 29 de xuño de 2005 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes das axudas convocadas pola Orde do 1 de decembro de 2004 (Diario Oficial de Galicia do 14 de decembro) pola que se regulan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o exercicio 2005.

Pola Orde do 1 de decembro de 2004 (DOG do 14 de decembro) convocáronse axudas económicas a favor de emigrantes retornados e os seus familiares, co obxecto da protección de situacións de carencia que puidesen derivar do retorno.

No artigo 6.2º da devandita orde fíxase o prazo de presentación de solicitudes desde a entrada en vigor da orde ata o 30 de xuño de 2005.

Faise conveniente ampliar o prazo de presentación de solicitudes para que, deste xeito, a protección ao colectivo de emigrantes retornados e aos seus familiares abrangan tamén os que retornen no terceiro trimestre do ano, dada a existencia de crédito axeitado e suficiente. En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo único.-Ampliar o prazo de presentación das solicitudes establecendo como data final de presentación destas o 30 de setembro de 2005.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2005.

Aurelio D. Miras Portugal
 Conselleiro de Emigración

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
 RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
 E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Resolución do 24 de xuño de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fai pública a actualización provisional de méritos dos solicitantes incluídos nas listas correspondentes ao grupo II categoría 002 (ATS/DUE) da Administración da Xunta de Galicia e as listas mensuais correspondentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de maio de 2005, de conformidade co Decreto 217/2003, do 11 de abril, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Vistas e baremadas pola Comisión Permanente Central as instancias presentadas para a actualización e alegación de novos méritos polos interesados incluídos nas listas correspondentes ao grupo II categoría 002 (ATS/DUE) da Administración da Xunta de Galicia, e as solicitudes de inclusión do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de maio de 2005, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública a actualización provisional de méritos, con indicación da puntuación total unha vez incluídos os novos méritos, dos solicitantes incluídos nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal laboral, correspondentes ao grupo II categoría 002 (ATS/DUE).

Segundo.-Facer públicas as listas provisionais para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal laboral correspondentes á categoría anteriormente sinalada, do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de maio de 2005.

As listas estarán expostas na forma que seguidamente se indica:

-Solicitantes admitidos na lista con indicación da puntuación.

-Solicitantes excluídos con expresión da causa de exclusión.

Terceiro.-As listas citadas no punto primeiro e segundo, atópanse expostas nos taboleiros de anuncios da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, nos das súas delegacións provinciais e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia. Así mesmo, os ditos datos poderán consultarse na páxina oficial da internet da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto.-Os interesados disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de*